

Programa Retorna Cualifica Emprego

Información para persoas interesadas

O programa Retorna Cualifica Emprego ten como finalidade contribuir a incrementar a poboación activa de Galicia a través da **atracción das persoas galegas residentes no estranxeiro**, tanto as emigrantes como as súas descendentes, facilitándolles mecanismos e medios para a súa cualificación e a súa inserción laboral.

O programa Retorna Cualifica Emprego ten como obxectivo específico que aquelas persoas que contan cun plan de cualificación e empregabilidade, **subscriban un contrato de traballo** cunha duración mínima de 12 meses, ou 15 meses no caso de ser un contrato de traballo fixo-descontinuo dos cales o período de actividade será como mínimo de 9 meses.



Requisitos para poder participar

- ➔ Poden participar no programa as **persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes no estranxeiro, que estean interesadas en integrarse laboralmente en Galicia** que:
 - ⦿ Estean en posesión da nacionalidade española e sexan menores de 55 anos.
 - ⦿ Acrediten residir fóra de España un mínimo dun ano inmediatamente anterior á data de inicio de participación no Programa Retorna Cualifica Emprego.
 - ⦿ Estean vinculadas a Galicia, alomenos, cunha das seguintes situacións:
 - Ser emigrante nacido en Galicia.
 - Ser emigrante non nacido en Galicia, pero ter residido en Galicia de forma continuada durante seis (6) anos con nacionalidade española antes de emigrar.
 - Ser descendente por consanguinidade de persoa emigrante nacida en Galicia, sempre que a persoa solicitante nacesse no estranxeiro.
 - ⦿ No caso das persoas nadas no estranxeiro, estaren vinculadas a un concello galego.
- ➔ Poderán tamén participar no Programa **o cónxuxe / parella que estean tamén en disposición de aceptar un contrato de traballo en Galicia**, que cumpran os requisitos que a normativa de aplicación esixa.

Programa Retorna Cualifica Empleo



Contidos do programa



Formación/Cualificación

↪ Formación en competencias clave nivel 2 e nivel 3.

As persoas que o desexen contarán cunha vía para poder realizar en Galicia accións formativas conducentes a certificados de profesionalidade, non tendo que agardar despois a ter homologados os seus estudos.

Poden realizar esta formación no seu país de orixe a través dos recursos formativos do campus virtual da Consellería de Promoción do Empleo e Igualdade.

E contan tamén coa posibilidade de realizar as probas de superación que lles permitan obter a certificación de ter superadas as competencias clave de nivel 2 ou de nivel 3.

↪ Accións formativas relacionadas co sector produtivo e posto de traballo ofertado pola empresa.

Esta formación terá como obxectivo reforzar a capacitación profesional da persoa permitíndolle adquirir, actualizar, reciclar e completar o perfil de competencias profesionais axeitadas a ese posto de traballo que se lle oferte.

↪ Competencias dixitais.

Inclúese tamén formación nas destrezas necesarias para empregar as TICs como ferramenta no ámbito laboral (creación de correo electrónico, uso de navegadores de internet, ...).

↪ Habilidades brandas.

E se inclúen contidos para a potenciación das habilidades brandas tales como traballo colaborativo e en equipo, comunicación, negociación, xestión do estrés, creatividade, capacidade de adaptación, flexibilidade, actitudes...



Contratación

↪ Contrato de traballo.

Formalización dun contrato de traballo que será como mínimo de 12 meses, agás na modalidade fixo-descontinuo que deberá ser como mínimo de 15 meses e dos cales, como mínimo, 9 meses serán de actividade.



Axuda económica

↪ Apoio para viaxar e para comezar.

↪ A participación no programa é gratuíta, e no caso de aceptar o posto, **os gastos de traslado están cubertos ademais dunha axuda económica de 1.300€** para cubrir os primeiros gastos de instalación en Galicia.



Compromiso

↪ A aceptación do posto de traballo implica unha **permanencia mínima en Galicia de 12 meses**.

Realiza a túa inscrición a través de calquera das fundacións colaboradoras

fundación
nortempo



VENANCIO SALCINES
FUNDACIÓN

